

CLASES SEN FUME

Os alumnos de 1º de E S O A do noso centro, a proposta do titor e seguindo a invitación da Vicedirección (Xefatura de Actividades Extraescolares) e o Departamento de Orientación, decidiron tomar parte na actividade “CLASES SEN FUME” promovida pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia dentro do programa de “Promoción da vida sen tabaco”.

Ao longo do curso realizamos varias actividades que iremos referindo neste artigo-resumo que presentamos.

En todas as sesións de T i t o r í a dedicouse un tempo a informar dos prexuízos que causa para todos, fumadores ou non, o consumo do tabaco. Aportáronse datos concretos de casos coñecidos por parte de alumnos e titor, preparáronse as distintas actividades, etc...

A actividade comezou co compromiso adquirido por todos e cada un dos alumnos e o titor de non fumar durante a duración da campaña (de novembro a maio), pero intentamos chegar un pouco máis lonxe e procuraremos que ese compromiso se prolongue dun modo indefinido.

A primeira actividade era confeccionar un slogan e un debuxo relacionado co mesmo. Todos os alumnos fixeron o seu slogan e, coa colaboración do profesor de Educación Plástica e Visual, o debuxo correspondente. Por votación de todos elixiuse aquel que nos pareceu máis axeitado e remitímolos á Consellaría de Sanidade.

Fixéronse copias dos slogans e colocáronse repartidos por todo o Instituto.

Avanzado o curso, preparouse un pequeno “discurso” que os alumnos en grupo de dous leron en todas as aulas de E.S.O. do Instituto e tamén aos alumnos do 3º Ciclo de Educación Primaria dos tres Colexios de Melide, do de Toques e dos dous de Santiso. A todos eles enviáuselles unha pequena mostra dos slogans por se lles interesaba expoñelos no seu respectivo Colexio.



P r e -
paramos un Guión de Radio que gravamos na emisora do I . E . S . FALAMELIDE, estando á espera da súa emisión, tanto pola nosa emisora como por Radio Melide.

N o n
puidemos facer unha comparsa alegórica ao tema polo Entroido, porque desde principios de curso estaba programada outra actividade para ese día e faltaban bastan-

tes alumnos.

O máis importante non é o que fixemos ao longo do curso. O máis importante –e esa era a nosa intención principal- é concienciar a todos do gravísimo problema que supón o consumo do tabaco. Os datos son elocuentes: ademais de causar unhas 18.000 mortes ao ano en España, tamén hai que ter moi en consideración que a calidade de vida diminúe dun xeito alarmante.

Rematamos este brevísimo repaso coa reflexión coa que terminabamos a charla impartida polas distintas clases: “Dálle un NON grandísimo ao tabaco e un SI moito máis grande á vida”